

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 11-01-2023, ditou a resolución con número 51/2023 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Aprobación da listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para a contratación de duración determinada a tempo parcial (6 horas/día) mediante un contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, dun/dunha docente para impartir a acción formativa "Montaxe de mobles e elementos de carpintería", correspondente ao plan formativo para o emprego da comunidade autónoma (persoas traballadoras desempregadas) para os exercicios 2022/2023.

Por Resolución de Alcaldía núm. 3848/2022 de 19/12/2022, aprobáronse as bases para a selección de persoal docente mediante o sistema de concurso oposición para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (6 horas/día), dun/ha docente para impartir a acción formativa "Montaxe de Mobles e Elementos de Carpintería".

Na mesma resolución convocábase o proceso de selección de persoal citado nesas bases e ordenaba a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal www.carballo.gal.

A convocatoria publicouse no BOP da Coruña núm. 242 de 23/12/2022.

O prazo de presentación de solicitudes foi de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Rematado o prazo regulamentario para a presentación de instancias e logo de examinar as solicitudes presentadas xunto coa documentación que as acompaña, de acordo co sinalado na Base 4 (*Admisión de aspirantes*) pola presente, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a listaxe provisional de aspirantes admitidos/as (Anexo I) e excluídos/as (Anexo II) no proceso selectivo para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (6 horas/día), dun/ha docente para impartir a acción formativa "Montaxe de Mobles e Elementos de Carpintería".

Segundo.- Publicar esta resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal www.carballo.gal. De acordo co establecido no artigo núm. 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, así como na base 4 da convocatoria, concédese **un prazo improrrogable de 5 días hábiles** seguintes á publicación de dita resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos. De non efectuar as subsanación no prazo requirido serán excluídos definitivamente do proceso selectivo.

Concluído este prazo e subsanadas as reclamacións presentadas, publicarase a relación definitiva de aspirantes, composición da Comisión de Avaliación e lugar, data e hora de valoración da fase de concurso e da celebración da fase de oposición.

ANEXO I: Listaxe provisional de aspirantes admitidos/as no proceso selectivo para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (6 horas/día), dun/ha docente para impartir a acción formativa "Montaxe de Mobles e Elementos de Carpintería".

Nº	APELIDOS	NOME	NUM. REXISTRO	DNI
-----------	-----------------	-------------	----------------------	------------

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
 Praza do Concello S/N
 Teléfono 981 70 41 00
 www.carballo.gal
 infocarballo@carballo.gal
 15100 CARBALLO - A Coruña



2022/E001/000022
 Exp. 2023/G003/000052

1	PUENTE GARCIA	JESUS	202300000000065	***5622**
---	---------------	-------	-----------------	-----------

ANEXO II: Listaxe provisional de aspirantes excluídos/as no proceso selectivo para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (6 horas/día), dun/ha docente para impartir a acción formativa "Montaxe de Mobles e Elementos de Carpintería".

Nº	APELIDOS	NOME	NUM. REXISTRO	DNI	CAUSAS EXCLUSION
1	RAMA CAPELET	EVA PATRICIA	202200000007734	***3341**	(1)

Causas de exclusión:

- (1) Segundo a Base Segunda (*Requisitos dos/das aspirantes*), **apartado 2.2.- Capacidade profesional**, para tomar parte no proceso selectivo os/as aspirantes deberán estar en posesión dalgunha das titulacións que se relacionan **máis dous anos de experiencia profesional**.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario

Miguel Piñeiro Souto

 Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Miguel Piñeiro Souto